



---

## ORIENTACIÓNS XERAIS ÁS FAMILIAS

### CURSO 2022-2023

**SECRETARÍA:** O horario de secretaría será de 10:00 a 13:00 h, durante o mes de xullo. **Durante o mes de agosto o colexio permanecerá pechado.** As persoas que necesiten algunha información do Centro deberán requerila antes de finalizar o mes de xullo. Os alumnos/as ou pais que necesiten algún documento deben solicitalo cun día de antelación.

**COMEZO CURSO:** A data de comezo de curso será o **xoves 8 de setembro**. O antes posible informaremos dos horarios de entrada deste primeiro día.

**HORARIOS DO CURSO:** **Luns a Xoves** : 09:10 h - 12.30 h / 15:20 h - 17:30 h. **Venres:** 09:10 h -14:00 h. No mes de **setembro e xuño** as clases en **E. Infantil/E. Primaria serán de 9:10 h a 14:00 h.**

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E ACOLLIDA MATINAL:** A oferta darase a coñecer no mes de xullo.

**COMEDOR:** O colexio dispón deste servizo que funcionará dende o **venres 9 de setembro ata fin de curso**. Facilitarase formulario de inscrición o antes posible.

**UNIFORME:** Os alumnos/as han de vir correctamente uniformados. Recordamos que:

1. Os zapatos serán azuis ou negros, nunca con plataforma. Medias e calcetíns do uniforme azul mariño.
2. Os tenis dos alumnos/as de E. Infantil convén que sexan brancos con pechadura de "velcro" para facilitar o seu calzado. Non se permiten tenis con efectos luminosos.
3. Os alumnos de infantil utilizarán o chándal todos os días.
4. As saias das nenas teñen "pregos", non "táboas".
5. As nenas poderán vestir tamén pantalón (modelo chino). Permítese o modelo de pantalón curto do uniforme tamén para as nenas.
6. Xerse de pico co escudo do colexio, non chaqueta. Os escudos pódense adquirir na secretaría do colexio.
7. Abrigo azul mariño: será obrigatorio o seu uso para todos os alumnos.
8. O chándal consta dun pantalón longo e pantalón curto con escudo (opcional), camiseta branca con escudo e chaqueta con escudo.
9. O mandilón do uniforme é unisex, con botóns centrais e por adiante. Os alumnos de comedor deben ter outro mandilón (debe ser diferente ao do uniforme).
10. Os complementos: lazos, diademas, bufandas, gorros,... teñen que ser brancos ou azuis.
11. Todas as prendas deberán estar marcadas para a súa identificación.
12. O carro das mochilas permítese a partir de 3º EP e non deberá sobresaír moito da propia mochila.

### **PÁXINA WEB**

O Colexio dispón dunha páxina web, cuxa dirección é [www.hhcarmelitas.com](http://www.hhcarmelitas.com), na que se mostra toda a información dispoñible. Desde a web, pódese acceder tamén a plataforma educativa Educamos.

*Desexando que goceades dunhas felices vacacións, saúdavos:*

*A Dirección*